

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0736	Conservadora, periodoncia, cirurxía e implantes	2023/2024	8	175	175

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PAULA ESTÉVEZ COSTA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Hixiene Bucodental consiste en promover a saúde bucodental das persoas e da comunidade, mediante o desenvolvemento de actividades preventivas e técnico-asistenciais que inclúen a exploración, a avaliación, a promoción e a realización de técnicas odontolóxicas en colaboración co/coa odontólogo/a ou co/coa médico/a estomatólogo/a. Como membro dun equipo de saúde bucodental realizará a súa actividade profesional con criterios de calidade, seguridade e óptimo aproveitamento dos recursos.

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Hixiene Bucodental exercen a súa actividade profesional no sector sanitario público e no privado, na área de atención sanitaria e promoción da saúde e forma parte de equipos estruturados de saúde bucodental, de equipos de atención primaria, nas unidades de promoción da saúde, e en consultas ou gabinetes dentais privados. Poden integrarse nun equipo de prevención e atención sanitaria, coordinado por un/unha facultativo/a. Desenvolven funcións de organización e xestión na unidade ou no gabinete dental de traballo, prestan servizos asistenciais e preventivos á comunidade e controlan a súa calidade a través de actividades de vixilancia epidemiolóxica e de educación sanitaria. A súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente. As competencias profesionais, persoais e sociais do título de técnico superior en Hixiene Bucodental que se relacionan no currículo co módulo profesional de conservadora, periodoncia, ciruxía e implantes son, principalmente:

f) Aplicar técnicas preventivas e asistenciais segundo protocolos establecidos.

k) Aplicar técnicas de apoio ou soporte en tratamentos odontolóxicos dentro do equipo de saúde bucodental, para facilitar a prestación de servizos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	LA CARIES Y SU TRATAMIENTO: OBTURACIÓN DENTAL		40	23
2	EXODONCIA Y CIRUGÍA BUCAL		30	17
3	TINCIONES DENTALES INTRÍNECAS		30	17
4	PERIODONCIA		40	23
5	TRATAMIENTO DE CONDUCTOS RADICULARES		25	14
6	IMPLANTES DENTALES		10	6

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	LA CARIES Y SU TRATAMIENTO: OBTURACIÓN DENTAL	40

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica técnicas de axuda na realización de obturacións, en relación coa extensión da carie	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a extensión da carie nas superficies que cumpra obturar
CA1.2 Recoñécense os tipos de cavidades de restauración segundo a extensión da carie
CA1.3 Describiuse a secuencia da intervención
CA1.3.1 Describiuse a secuencia de intervención para obturación de amalgama.
CA1.3.2 Describiuse a secuencia de intervención para obturación de composite.
CA1.4 Clasifícanse os tipos de material de obturación
CA1.5 Preparouse a bandexa de operatoria dental para cada tipo de intervención
CA1.6 Preparouse o instrumental necesario para anestesiarse o/a paciente
CA1.7 Ilíuse o campo operatorio
CA1.8 Preparáronse os tipos de protectores dentinopolpares segundo os protocolos de actuación
CA1.9 Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria das obturacións
CA1.10 Identifícanse defectos na obturación
CA1.11 Realizouse o proceso con precisión, orde e método
CA1.12 Puíuse a obturación segundo os protocolos establecidos e comprobouse a oclusión
CA1.13 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Extensión da carie.
Identificación de defectos na obturación.
Material de pulidura.

**Contidos**

Criterios de calidade na realización de técnicas de axuda nas obturacións.

Clasificación das cavidades.

Descrición da intervención.

Protectores dentinopolpares.

Materiais de obturación.

Material e instrumental de anestesia.

Instrumental de obturacións.

Illamento de campo.

Técnicas de instrumentación.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	EXODONCIA Y CIRUGÍA BUCAL	30

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica técnicas de axuda en extraccións dentarias e cirurxía bucodental, logo de seleccionar o instrumental e o material	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Describiuse a secuencia da intervención
CA5.2 Identifícaronse as diferenzas entre os fórceps de arcada superior e inferior
CA5.3 Identifícaronse as diferenzas entre os botadores de arcada superior e inferior
CA5.4 Preparouse a bandexa de exodoncia para cada tipo de intervención
CA5.5 Clasificouse o instrumental para intervencións de cirurxía bucodental
CA5.6 Instrumentouse na extracción e/ou na cirurxía de terceiros molares incluídos
CA5.7 Instrumentouse na extracción e/ou na cirurxía de caninos incluídos
CA5.8 Seguiuse unha técnica aséptica na realización da cirurxía
CA5.9 Definíronse as instrucións ao/á paciente para o período postoperatorio

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Secuencia na extracción dentaria.
Instrumentación na extracción de caninos incluídos.
Clasificación e diferenciación do instrumental utilizado nas extraccións dentarias.
Fórceps.
Botadores.
Clasificación do instrumental utilizado en cirurxía bucodental.
Preparación do instrumental para extracción.
Instrucións postoperatorias.
Preparación do campo estéril.
Instrumentación en extracción de terceiros molares incluídos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	TINCIONES DENTALES INTRINSECAS	30

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de axuda para eliminar tinguaduras dentarias intrínsecas, en relación co proceso de branqueamento dental	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Definíronse os tipos de tinguaduras dentarias intrínsecas
CA3.2 Analizáronse as causas das tinguaduras dentarias intrínsecas
CA3.3 Describiuse a secuencia da intervención
CA3.4 Clasificáronse os tipos de materiais de branqueamento
CA3.4.1 Materiais para tinguaduras de dentes non vitais e vitais
CA3.4.2 Realización de férulas individuais para tratamento domiciliario
CA3.5 Preparouse o material e o instrumental para eliminar as tinguaduras dentarias intrínsecas
CA3.6 Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria do branqueamento dental
CA3.7 Aplicáronse de forma tópica os elementos de branqueamento dental
CA3.8 Especificáronse as precaucións antes, durante e despois do tratamento branqueador
CA3.9 Establecéronse pautas de seguimento e control do proceso
CA3.10 Realizouse o proceso con precisión, orde e método

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Definición de tinguaduras dentais intrínsecas.
Etioloxía das tinguaduras.
Descrición da intervención.
Materiais utilizados no branqueamento dental.
Instrumental utilizado no branqueamento dental.
Técnicas de instrumentación.
Aplicación tópica de elementos do branqueamento.

**Contidos**

Seguimento e control.

Criterios de calidade na realización de técnicas de axuda na eliminación de tinguaduras dentais intrínsecas.



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	PERIODONCIA	40

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de axuda en periodoncia, interpretando procedementos de intervención	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse os tipos de intervencións en periodoncia
CA4.2 Aplicáronse técnicas de control microbiolóxico preoperatorio
CA4.3 Describiuse a secuencia das intervencións
CA4.4 Clasificouse o instrumental en operatoria periodontal
CA4.5 Mantívose o campo operatorio iluminado e seco
CA4.6 Preparouse o instrumental para as intervencións periodontais
CA4.7 Preparouse o campo estéril para a realización da cirurxía
CA4.8 Preparouse o/a paciente para a realización da cirurxía
CA4.9 Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria
CA4.10 Realizouse o proceso con precisión, orde e método

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Desinfección da cavidade bucodental.
Diagnóstico periodontal.
Descrición da intervención.
Instrumental utilizado.
Campo operatorio.
Preparación do campo estéril.
Preparación do instrumental.
Técnicas de instrumentación.
Criterios de calidade na realización de técnicas de axuda en periodoncia.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	TRATAMIENTO DE CONDUCTOS RADICULARES	25

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de axuda no tratamento de condutos, en relación coa afectación polpar	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícase a afectación polpar na dentición temporal e permanente
CA2.2 Descríbiuse a secuencia da intervención
CA2.3 Diferenciáronse as tipos de materiais de seladura de condutos
CA2.4 Preparouse o instrumental necesario para anestesiarse o/a paciente
CA2.5 Preparáronse o material e o instrumental necesarios para realizar a endodoncia
CA2.6 Illouse o campo operatorio
CA2.7 Instrumentouse para realizar a condutometría e a preparación de condutos
CA2.8 Seguíronse os protocolos de axuda na obturación de condutos e reconstrución da coroa
CA2.9 Realizouse o proceso con precisión, orde e método
CA2.10 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Identificación da extensión da lesión polpar.
Definición de polpotomía e polpectomía
Descrición da intervención.
Materiais utilizados no tratamento de condutos.
Material de anestesia.
Instrumental utilizado no tratamento de condutos.
Illamento de campo.
Técnicas de instrumentación.
Criterios de calidade na realización de técnicas de axuda no tratamento de condutos.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	IMPLANTES DENTALES	10

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica técnicas de axuda na colocación de implantes, logo de seleccionar o instrumental	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Diferenciáronse as partes dun implante
CA6.2 Describiuse a secuencia da intervención
CA6.3 Identificouse o instrumental para colocar implantes
CA6.4 Preparouse o material para anestesiarse o/a paciente
CA6.5 Aplicáronse técnicas específicas de asepsia
CA6.6 Instrumentouse na colocación do implante
CA6.7 Preparouse o instrumental necesario para realizar a toma de impresión e para a colocación da prótese
CA6.8 Identificáronse as técnicas de axuda no control dos resultados
CA6.9 Instruíuse o/a paciente no mantemento hixiénico do implante

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Partes dun implante.
Secuencia da intervención.
Instrumental utilizado na colocación de implantes.
Material de anestesia.
Desinfección da cavidade bucodental.
Técnicas de instrumentación.
Instrumental utilizado na toma de impresión e colocación de próteses sobre implantes.
Caixas de cirurxía implantaria.
Preparación do campo estéril.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMO EXISIBLES:

Serán mínimos exigibles tódolos criterios de avaliación indicados como mínimo exigible para cada Unidade Didáctica. Para poder superar o módulo, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos contidos reflexados nos criterios de avaliación considerados mínimos exigibles para esta programación.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios de avaliación para este módulo son:

PARTE TEÓRICA que representa o 60% da cualificación global. Consistirá nun ou varios exames teóricos. Este exame poderá incluír:

- Preguntas tipo test con catro respostas posibles e unha única resposta correcta.
- Preguntas de resposta curta.
- Preguntas de relacionar.
- Preguntas con contido de identificación de imanes/material.
- Preguntas de verdadeiro ou falso.

PARTE PRÁCTICA que representa o 40% da cualificación global. Á súa vez, esta parte práctica divididas en:

- En un ou varios exames prácticos no taller de hixiene cun valor do 30% da parte práctica. Dito exame consistirá na identificación de material da aula taller, realización de técnicas aprendidas previamente na aula e/ou na resolución de supostos prácticos relacionados cos contidos impartidos.

- Valoración das prácticas realizadas durante o trimestre e das actividades de aula proposta, traballos que terá un valor dun 10% do valor da parte práctica.

### DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS:

- Se durante o desenvolvemento das probas o alumnado emprega dispositivos dixitais (previamente non autorizados pola docente) como teléfono móbil, auriculares, reloxos dixitais, etc., ou en calquera outra circunstancia que altere o normal desenvolvemento da proba ou actividade, serán expulsados da aula e aproba será calificada como non superada (suspensa).

- A ausencia non xustificada a un exame, xa sexa parcial ou final, suporá realizar directamente a recuperación correspondente.

### NOTAS ACLARATORIAS:

- Os traballos e/ou tarefas deberán entregarse nas datas fixadas. Ao final de curso todo os traballos realizados quedarán en poder da profesora, ou no seu defecto a táboa de puntuación.

- IMPRESCINDIBLE TER TODAS AS PARTES APROBADAS PARA calcular a nota correspondente (mínimo obter un 5 sobre 10 para poder calcular a nota media en cada unha das partes).

- A nota de cada avaliación calcularase sumando a nota dos dous apartados (parte teórica e parte práctica) aplicando as porcentaxes correspondentes, sempre e cando se alcance a nota mínima de 5 en cada un dos apartados. Para realizar esta suma, emprégase a nota ponderada con dous decimais (unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes). A nota da avaliación exprésase sen decimais, aproximando

ao número enteiro máis próximo.

- A recuperación da parte ou partes non superadas será, se a profesora o considera, despois da entrega de notas de cada avaliación. A parte ou as partes pendentes poderán recuperarse en xuño.
- A nota final de curso será a resultante da media ponderada obtida nas distintas avaliacións, sempre e cando estean aprobadas cun mínimo de 5 todas as avaliacións. Para realizar a media, emprégase a nota ponderada con decimais obtida en cada avaliación. A nota final exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo.
- NON se realizarán exames para subir nota.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Quedarán pendente aquel alumnado que non acade unha nota mínima de 5 no módulo por non ter adquiridas as capacidades mínimas requiridas.

A parte ou as partes non superadas poderán ser recuperadas ao final da segunda avaliación (en marzo). A recuperación final daquelas partes pendentes terá lugar en xuño.

Para calcular a nota da recuperación das partes non superadas, aplicaranse as mesmas porcentaxes que durante o curso, é dicir, un 60% a parte teórica e un 40% a parte práctica (ver apartado 5 da programación).

Para superar este módulo é necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha das partes das que consta o sistema de avaliación.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que teña perdido o dereito de avaliación continua, por ter superado a porcentaxe de faltas de asistencia non xustificadas establecidas polo centro, deberán acollerse ao sistema extraordinario de avaliación que consistirá en:

- 1.- Unha proba escrita, que consistirá nun exame escrito que versará sobre tódolos contidos conceptuais impartidos neste módulo ó longo do curso, supón o 60% da nota final.
- 2.- Unha proba práctica, que consistirá na realización de distintas prácticas na aula taller así como na identificación de material e resolución de supostos prácticos, e versará sobre tódolos contidos procedimentais impartidos neste módulo ó longo do curso, supón o 40% da nota final.

A nota calcularase sumando a nota dos dous apartados anteriores, unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes, sempre e cando se alcance a nota mínima de 5 en cada un dos apartados. Para realizar esta suma, emprégase a nota ponderada con dous decimais. A nota da avaliación extraordinaria exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo.

Esta avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua terá lugar en xuño.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

- O seguimento da programación será documentada no modelo Seguimento da programación disposto na aplicación.
- No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e rexistrárase o correspondente modelo de Seguimento da programación na aplicación.
- Ao final de curso realizarase a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluírán tódalas propostas de

mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

- Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesma.
- A avaliación da propia práctica docente será levada a cabo a través dunha enquisa informática oficial, ofertada polo sistema de calidade ao alumnado, no periodo establecido polo centro. Ademais, ao final do curso, a profesora, solicitará ao alumnado a realización dun cuestionario elaborado pola docente para realizar a súa propia avaliación da práctica docente. Este último cuestionario terá un carácter anónimo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase un cuestionario non puntuable e/ou unha entrevista por escrito ao inicio do curso para ver os coñecementos cos que parte cada alumno/a, en relación con este módulo.

Na reunión de avaliación inicial con equipo docente, levarase a cabo o consenso sobre as actuacións a levar a cabo, segundo cada caso.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na base da materia ou dificultades de aprendizaxe que impidan acadar un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe, levaranse a cabo as seguintes accións de apoio:

1. Facilitaranse conceptos de apoio e soporte.
2. Reforzarase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos, indicando os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben de acadar.
3. Propoñer actividades alternativas con distinto grao de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o/a alumno/a, aportando instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.
4. Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, os traballos das actividades propostas e a axuda que poidan brindar outros compañeiros/as.
5. Flexibilizar, na medida do posible, os tempos necesarios para a realización das probas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

1. Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos: desde este módulo contamos con elementos para concienciar ás alumnas/os sobre a xusta igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:
  - Usando unha linguaxe non discriminatoria e inclusiva.
  - Facendo grupos mixtos de traballo.
  - Distribuindo as tarefas, roles, na mesma medida entre todo o grupo por igual.
  - Fomentando a participación de cada persoa sen distincións de sexo.
2. Educar para a convivencia:
  - Tendo sempre en conta os principios da convivencia democrática e pacífica: tolerancia, respecto e igualdade.
  - Amosando actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos de xénero, lingüísticos, relixiosos, físicos, de clase social, e aos prexuízos, utilizando o diálogo como medio de traballo nos grupos e na clase.
  - Recoñecendo e valorando a diversidade como feito enriquecedor, aproveitando a realidade plural que pode existir na clase cando compartamos espazos, tempos, actividades, materiais e experiencias.



### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo actividades complementarias ou extraescolares relacionada co ciclo que teñan lugar durante o curso académico 21-22, tales como: charlas, cursos e congresos (estarase en contacto co Colexio de Hixienistas bucodentais de Galicia para participar en todas aquelas actividades que sexan de interese para o alumnado).

As actividades que se levarán a cabo, se é posible, durante o curso son:

- Charla da casa comercial sensodine/corega (GSK).
- Charla da casa comercial Oral B.
- Charla da casa comercial Dentaïd.
- Taller sobre escáner intraoral, para a aprendizaxe da toma de rexistro intraorais.
- Charla do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia.
- Asistencia, se é posible, a feiras educativas (por exemplo: Edugal), para dar a coñecer este ciclo formativo, as funcións e a importancia do/a hixienista bucodental e para levar a cabo tarefas de educación en saúde bucodental, como pode ser a instrución en técnicas de hixiene oral ao paciente.